


A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS



ANO VII

N. 254

1.º de Novembro de 1928

FAMÍLIA DIAZ

BANCO PASTOR

Casa fundada
en 1876

Capital suscrito,

17.000.000

Capital desembolsado,

8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido comreto para
maquinaria e pesca.*

SANTA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra



Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Novembro do 1928



Núm. 254

AO DECORREL-OS DIAS

Dúas datas xurdias, memorabres, xurden hoxe vizosas e ateigadas de luz na nosa lembranza 14 de Novembro de 1916 e 18 de Novembro de 1918. A primeira indica a aparición do primeiro número de A NOSA TERRA e a segunda a primeira asamblea nacionalista celebrada en Lugo. Doce e dez anos van transcurridos d'unha e outra data. ¡Cantos troques e cantas mudanzas nos demais! ¡Canta desilusión e diferenza de actuación en moitos! ¡Que diferenza de ambiente!

Somentes nós con constancia e firmeza patriótica continuamos fideles ó pensamento inicial e ós acordos tomados na histórica asamblea feita para dar á Galicia a súa futura constitución estatal. Nas verbas do manifesto promulgado vibran solucións para os problemas materiais e espirituais que afectan á vida de Galicia. Nas páxinas de A NOSA TERRA, folla a folla e número a número, latexan arelas xenerosas de rexurdimento, de liberdade e de cultura sinalando o viero, novo camiño de Sant-Iago, por onde a Terra Nai vai camiñando deica á meta desexada e necesaria para a súa consagración de pobo con alma e vida propia.

Cada número que sae á vida é unha páxina mais escrita con rexos e firmes trazos na maravillosa historia do seu rexurdimento integral. Os que n'eles depositamos os froitos do noso pensamento e as esperanzas patrióticas que inspiran o noso traballo cotidián temos para A NOSA TERRA un cariño que endexamais poderán enxerguer quen non levan en si o verme lumioso do patriotismo galego. Idea nobre e santa que día a día toma corpo e forma na conciencia vital do noso pobo. A seguridade de que así sucede é o premio mais cobizado en pago do noso esforzo e do noso traballo que ten de continuar sempre con igual fé e coa mesma constancia. Os que xuramos reintegrar á Galicia ó seu propio ser non podemos cansarnos nunca por moi

difícil que sexa a tarefa nin por moitas dificultades que se opoñan â nosa actuación. A nosa fé ten unha forza subrime que somentes nós podemos comprender. Ela nos fixo chegar á onde chegamos e ela nos levará a onde queiramos.

No día vindeiro en que Galicia poida abranguer o verdadeiro estado á que ten dereito, os acordos de Lugo terán de seren consultados e reconosci- da por todos a sua necesaria e practica aplicaci3n terán de seren estatuídos porque en sí levan resoltos todol-os probremas da vida de Galicia e ourentaci3ns ben determiniadas para o futuro.

Ao entrar n'un novo mes de Novembro que nos lembra aquelas datas, teñamos todos para elas as mesmas emoci3ns que nos encheron cando vivimos aqueles instantes groriosos, fagamos renovaci3n de fé de seguirmos sempre firmes, todol-os tempos son propicios para pensar e para sentir, no pensamento que os inspirou e pensemos que cada día que pasa é un paso mais que xa temos dado no firme camiñar pol-o vieiro do noso rexurdimento racial.

¡TERRA A NOSA!

MINHO - GALIZA

Tenho escrito dezenas de veces este distico e sempre faço com indizível prazer. É que, depois de minha familia, eu amo a minha terra natal; depois da minha terra, a minha provincia; depois desta, a minha Patria, depois, as Belas Letras; e, por fim e por via das letras, o Brasil e a Galiza.

Estes son os meus únicos amores. E por iso eu son, convictamente, um tradicionalista ferrenho: toda a minha actividade de plumitivo o atesta a plenas vozes. E isto me enche de orgulho, sempre que considero os frutos do meu humilde labor literario, académico e jornalístico. E porque só uma falsa modestia me faria calar estes sentimentos, é que eu os não escondo na página que vou preencher sobre a Galiza—indiferente ao que possa surdir da parte de quantos debaterem contra esta leal expans3n de sinceridade e franqueza.

Amo a Galiza tanto como amo o Brasil apesar de lá, na capital fluminense, ter mo-

rrido meu Pai, moço ainda)—e foi o contacto, que a identidade da língua facilitou, com os seus escritores e artistas, que me permitiu conhecer a cultura mental desses nossos irmãos e me acrisolou na admiraç3n que justamente inspiram aos espíritos atentos e á crítica rectilínea. E, neste meu culto polos lusiadas de além-mar e polos nossos parentes de além-Minho, eu só tenho exultado em deliciosos momentos inolvidáveis e recebido galardões que jamais sonhara e me encorajam na vida, compensandome de crueis dissabores e amaras vicissitudes.

Minho-Galiza! Como esta express3n caríssima ressoa harmoniosamente a nossos ouvidos! Como nos parece esplendidamente linda a aliança fraterna dos dous povos, tam afins polo celtismo, que lhes vem do berço! Como quereríamos ver o casamento das duas Provincias, das suas gentes—consanguíneas e iguais! Iguais sim, por bastos motivos e sobretudo pela *saiidade*, que *vivem*

como nenhuma outra raça (o lirismo peninsular e a música portuguesa o demostram com exuberancia), e pelo seu *apego à terra*, que faz que o Minhoto «como que se confunda com ela», conforme anotou Oliveira Martins (1) e o Galego seja «cuase que a propia terra feita humanidade», como definiu Xaime Quintanilla. (2)

A *saüdade* tanto ressumbra dos poemas de Antonio Feijóo, Delfim Guimarães e João Verde, minhotos da gema, como repassa as endechas de Añón, Rosalía, Lamas Carvajal e outros galegos representativos. Razão teve Cabanillas para concluir que «o sentimento mais fondo e enxebre da raza galega e a saudade», (3) como teve Teixeira de Pascoais, quanto disse que «a Galiza é um bocado de Portugal sob as patas do leão de Castela». (4) E tinha também o meu querido Dr. Filipe Pedreira, ao asseverar que a *saüdade* «és el santo y seña de la gran cofradía lusitana». (5)

O excelso Noriega Varela, numa das suas fermosas elegias, manifesta-se destarte:

Portugal dice qu'è sua
Y-as brétemas qu'è gallega. (6)

Añón, num dos seus hinos «A Galicia», desprende este suave queixume:

e magoado o meu peito se sente
de soidades e amor palpitar. (7)

A meiga Rosalía tem espetado no coração um cravo que a dilacera, mas sem o qual não pode passar:

...arrinqueimo;
Mais,.. ¿quen pensara?.. Despois
Xa non sentin mais tormentos
Nin soupen qu'era dolor;
Soupen só, que non sei que me faltaba

(1) *Hist. de Port.*, 1.º vol., cap. IV.

(2) *Saudosismo e Idealismo*, estudo in A NOSA TERRA. (1921).

(3) *As Roladas*. N.º 1. (1922).

(4) *O Espírito Lusitano ou o Saudosismo*.

(5) *Un rato «a saudades»*, in «Vida Gallega». (1922).

(6) «A Saudade», em «La Voz de Galicia». (1926).

(7) *Poesias*, com prólogo de Eugénio Carré.

En donde o cravo faltou,
E seica, seica tiven soidades
D'aquela pena... (1)

Este cravo—não sabe se é de oiro, de ferro, ou de amor, e causalhe uma angustia que também não sabe explicar: mas sabe que essa angustia é tanto da sua alma, que sem ela não pode viver». Ehi tendes a saudade; a cobiza do descoñecido, do que se non sabe o que é», comenta Quintanilla. (2)

Rosalía tem saudades da saudade;—se tenta fugir-lhe, recrudescer o tormento:

Tal m'acoden as soidades,
Tal me queren afrixir,
Qu'inda mais feras m'afogan,
Si as quero botar de min. (3)

Uma vez, em Castela, tarde canicular, invade -a funda melancolia ante a desolação da paisagem envolvente. Evoca, nesse momento, a «terra hermosa» do seu berço e o alalá, e então as áridas planuras desaparecem:

Pechei os ollos e vin...
Vin fontes, prados e veigas
Tendidos ó pé de min.

Mais cand'á abrilos tornei,
Morrendo de soidades,
Toda á chorar me matei. (4)

A *saüdade* é companheira inseparável da doce «rola da Galiza», como os seus compatriotas ajustadamente lhe chamam,—daquela que, na frase de Cervaeus y Rodríguez, «soubó encarnar a alma galega». (5)

Na densa treva que imisericordiosamente o excrucia, Carvajal soluça *soedades*:

¡Ay qué martirios sufro n-a terra!
¡Ay qué soedades tan fondas teño! (6)

(1) *Follas novas*.

(2) A NOSA TERRA.

(3) *Cantares gallegos*, com prólogo (je bellissimo que é!) de Francisca Herrera y Garrido. (1925).

(4) *Follas novas*.

(5) *Rosalía Castro de Murguía*—Discurso pronunciado na Velada Literária do dia 15 de Julho de 1923, promovida pelo Benemérito e Patriótico Instituto Histórico do Minho e realizada no Salao Nobre da Congregação da Caridade, em Viana-do-Castelo.

(6) *Espiñas, follas e froves*.

O mesmo sentimento ressalta, vibrante, das produções dos nossos bardos,—apenas mais *português* ainda...

Devorado de saúde; (1) é ao seu «doce clarão» que Feijó visiona a eleita do seu amor:

No abandono da minha soledade.
En que a Memória absorve o Pensamento
Como a lua das ruínas, a Saúde

Abre o olhar sonolento.
E é nessa luz, é nessa claridade,
Que o teu vulto divino se acentua,
Como o nuvem dum ceu de tempestade
No sudário da lua... (2)

Noutro passo, o eminente ourives do Verso confessa:

Sinte-me reviver sob o luar da Saúde. (3)

E, no seu longinquo exílio, lá onde «o azul do céu é desmaiado e frio», sempre a nostálgica tristeza o persegue e punge:

Se o canto ainda se escuta, as notas são
gemidos...]
Só a voz da Saúde ecoa em terra alheia. (4)

Delfim exalta a Saúde em sonetos primorosos e define-a desta guisa:

A Saúde é companheira
Que nunca nos desampara,
Que nos segue a vida inteira
Com a constancia mais rara.

.....

Saúde-martirio e palma!
Tortura da nossa vida,
Conforto da nossa alma! (5)

(1) Assim no-lo confessa:

É funda a mágoa que me exaspera,
Negra a satidade que me devora

(*Ilha dos Amores*).

(2) *Ilha dos Amores*.

(3) «No luar há saúde, como na saúde há luar...»
Teix. de Pascoais—*O Esp. Lusit.*

(4) *Ilha dos Amores*.

(5) *Alma portuguesa*.

Dirigindo-se ao Rio Lima, naquela Carta, que é uma das mais lindas composições do seu estro, e que muitos limianos sabem de cór, como se fora uma oração, diz Delfim:

O'Rio Lima, meu bom amigo,
Meu companheiro da mocidade,
Não te pareces nada comigo,
Pois tu não sabes o que é saúde,
E eu mil saüdades abrigo! (1)

E toda a obra poética do inspirado lírico está impregnada de saúde:—por isso é lusitanissima como poucas e profundamente nos avassala.

No escrínio das minhas jóias dilectas, guardo um rosario de quadras, «Após a ausência», (2) que Delfim Guimarães se dignou dedicar-me, o que não trocara pelo brilhante mais precioso e tentador.

Nessas pérolas, estão as saüdades que o peregrino artista curtiu numa viagem ao estrangeiro. ¡Que bem elas falam á nossa ternura patriótica!

João Verde, abrindo o seu livro *Ares da Raia*, diz:

Há uma saúde estendida
Por essas páginas, Lê!

E, ao terminar a bibliazinha que a sua alma sensitiva e panteísta lapidou em estrofes que retratam a natureza e os corações da raia de Espanha e da raia de Portugal, o adorável tropeiro e scintilante prosador do Regionalismo pede ao sino da sua aldeia que lhe deixe em paz as saüdades:

Para, ó toque de trindades,
Não chames para o Misterio;
Deixa dormir as saüdades
Dentro do meu cemiterio.

É neste poeta o *amor á terra* é um sentimento arreigado e emocionamente, um verdadeiro fetichismo:

Pinheirais da minha infancia,
Venho pedir-vos pousada;
Sou como o pobre da estrada

(1) *Alma portuguesa*,

2! *Ibid.*

Cujo corpo adere ao chão,
Cobre-me, terra bendita,
Minho que a minh'alma encerra,
Coração da minha terra,
Cova do meu coração. (1)

Na publicista galega domina a mesma nota sentimental. Nos carmes que as liras da outra banda do Minho nos enviam, vemos a cristalização de muita lágrima vertida pelo terrunho bem amado, pelos seus infortunios —e especialmente pelo seu cativoiro...

Alberto Camiño, que a desgraça afastara do rinçao estremecido, suspira por ele:

Meus amigos, triste estou,
Moitas saudades teño
Da Terra que me criou.
¡Mal haya a sorte do deño
Que d'ela che me sacou!

Queira Dios que chegue o día
De encamiñarme buscando
Terra en que tan mal me via! (2)

Movido «d'este santo amor da patria que se sente e non se esprica», (3) Curros Enríquez exalta a «nai cariñosa», vendo no Río Minho a imagem desse amor:

Dicen que como ó Minho, ó noso povo
N-a terra donde nace quer morrer... (4)

O mesmo pensamento é assim glosado por López Quiroga:

E' a imaxe o río Miño
d-o amor á nosa terra...
¡n-ela nace, n-ela corre,
e morre abrazado a ela! (5)

A meiga poetisa e minha querida amiga doña Francisca Herrera y Garrido exprime essa inelutável idolatria em estâncias palpitantes, sentidas, comovedoras—e frequente-

(1) *Aíres da Raia.*

(2) Avalia-se o que se perdeu com a inutilização das poesias de Camiño, a maioria das quais foram pelo autor queimadas antes de morrer!

(3) *Aíres d'a miña terra.*

(4) *Ibid.*

(5) *Cantares d'a terra.*

mente o faz nos seus belos livros. Citarei, agora, uma quadra, a que já me referi al-gures:

...¿Por qué lle quero a Galicia
Mais qu'a todo ben d-a terra?
¿Mais qu'as nenas d-os meus ollos...?
¡Eu non sei!... ¡E' de nacencia! (1)

Victoriano Taibo, o doce aedo, desfere a mesma nota no seu plectro de oiro:

Terra amante, eu non t'esquezo!
E tras do teu agarimo,
irei como as anduriñas
a morrer no vello niño. (2)

Cono se vé, o sentimento da *Sauidade* e o *apego á terra* são tam profundos, tam fortes, tam estruturais na alma galaico-minhota, que os regionalismos galego e limiano naturalmente e flagrantemente os acusam, vivos, empolgantes, característicos.

Pelo que concorre á renascença espiritual da sua pátria, argutamente escreve Eladio Rodríguez González, o ilustre Presidente da Real Academia Galega:—«No hay el derecho de llamar poeta gallego a quien no la lleve (*a saudade*) en los huesos y en el alma».

Para o preclaro Unamuno, a sauidade é uma expressão da alma celta.—E Minhotos e Galegos celtas são.

Minho-Galiza! Ramos gemeos, lídimos re-bentos da mesma procedencia étnica, que desejaríamos ver indissolúvelmente unidos, num enlace sempiterno e ditoso, em que mais se sublimassem, se é possível, as qualidades rácicas e se perpetuassem as glorias do Ocidente.

E que esta aspiração procede e é comum aos povos das duas margens desse magesto-so Río Minho—que «parece casa-las numa lágrima eterna de sauidade», como eloquentemente escreveu o divino poeta Teixeira de Pascoais (3) isso ressalta de algumas

(1) «A Aurora do Lima»—Comemoração do *Dia da Galitza* em 1924.

(2) *Abrente.*

(3) *Arte de ser português.*

obras de autores da vizinha provincia e da correspondencia que dali nos chega a miúdo.

Galiza! Que imenso e místico amor te consagra o Minho! Como ele te adora!

O Minho! Como a Galiza lhe quer!

«Deixá-los, pois, namorar.

Já que... para casar

Lhes não dão consentimento».(1)

JULIO DE LEMOS

Secretario-perpetuo do Inst. Hist. do Minho.

(1) *Ares da Raia.*

NOTAS CULTURAES

Unha instituzón, tan benemérita como o Seminario d'Estudos Galegos que conta con todol-os nosos agarimos e aprezos, está sendo ouxeto—hora era—d'unha gran atención por parte das nosas Diputacións e Concellos. Moito nos lediciamos de que sexa un feito próximo o desenrolo dos xurdios proietos culturaes que ten este prestixioso centro, gracias ao auxilio económico d'aquelas entidades galegas.

Antre o elemento intelectual galego fálase como cousa xa feita, da pubricazón—traducidos ao galego por un erudito latinista—, dos fascículos que foron atopados, contendo parte da doutrina e moitos escritos de Prisciliano.

Non precisamos anotar a importancia que para a nosa cultura ten o feito de que se pubriquen estos fascículos que se dan a coñecer por primeira vegada no noso romance.

Antre as pubricacións que fará axiña a Sociedade de Bibliófilos Galegos anexa á

Seizón de Bibliografía do S. de E. G. figura unha antoloxía de Fruime e Sarmento, unha recensión da parte diplomática galega da Crónica da orden de S. Benito do P. Yepes e a «Gaita galega» de D. Xohan Manuel Pintos.

Ao fin a cultura galega vai contar con un Dicionario Galego-Castelán com preto e definitivo. A patriótica e benemérita «Editorial NÓS» vai comenzar a imprentación do que ten feito o Presidente da Academia e gabado poeta D. Eladio Rodríguez González.

Ténse falado xa moitas vegadas d'este Dicionario que contén non somentes infinidade de verbas, senón tamén xiros, expresións, refráns, historia e todol-os elementos que integran a vida galega e todol-os segredos e variedades da nosa fala.

Algo rematado que vén a constituir unha com preta Enciclopedia galega.

Como craramente se adiviña resulta unha obra d'unha extensión enorme e por eso o único xeito doado de dal-a á luz é imprentándoa por coadernos. D'ese xeito «NÓS» vai a comenzar a dirixir circulares para asegurar de momento un necesario número de suscritores. Os cadernos serán quincenais ou decenás según conveñan para o rápido remate da obra e abonaránse adiantados os dez primeiros, ou sexan dez pesetas. Sairán con toda regularidade e con com preta garantía para os suscritores.

Os nosos lectores recibirán tamén unha circular que lles porá ao tanto das condicións. Por tratarse d'unha obra de tal natureza e necesidade podemos dar por seguro o conq uerimento do número preciso de suscritores para vermos xá en marcha e axiña esta obra tantos anos agardada cuia necesidade maniféstase cada día mais palpablemente.

«NÓS» poñeráse axiña en contacto co público galego e pol-a nosa parte, ao mesmo tempo que apraudimos a súa patriótica labor, cobizamos que aquel préstelle toda a calor e apoio precisos para levar a cabo a imprentación da nosa primeira Enciclopedia.

A GAITA, O GAITEIRO E OS LOBOS

Non é conto... ¡Certo foil
Xa foron anos e viron
outros moitos, e buliron
ventos, por onde non doi.

Na parroquia do Aparral,
terra da vila das Pontes,
—antre rios, vals e montes,—
do partido ortigueiral.

Vindo unha noite das fías
un gaiteiro e o seu rapás,
tras os oubeos dos cás,
ouviron... ¡non letanías!

Dous lobos, no amañecer,
famentos lobos, oubean;
e carne humán olfatean
e xa chegan pr-á comer.

N-esto o gaiteiro berrou;
e co rapás xa rubindo
por un carballo, ruxindo,
cheo de medo rosmou:

—¡Os lobos! ¿Quén ollará
nosa vida, ou nosa morte?
¡Eles son dous; pol-o norte
ben os vin! ¡Xa chegan, xál—

E logo os lobos chegaron
a oubear na carballeira,
e do carballo na beira
c'o-as poutas ben acovaron.

Ô redor do carballiño
unha cova eles fixeron;
pra que caíra, lles deron
as poutas moito camiño...

E viña abaixo, o carballo;
mais, lixeiriño o gaiteiro,
e seu rapás, ben lixeiro,
brincan n'outro... ¡Bon traballo!

E foi c'o fol, ô brincar
o gaiteiro, —sen xa ter
nin forzas par'o soste—
c'o roncón deu en roncar.

Feitos dous cás de palleiro
os lobos fuxen brincando;
tolos, de medo, oubeando
pol-a gaita do gaiteiro.

Dera c'o cóbado ao fol
o gaiteiro, sen querer;
e despois, houbo que ver:
¡salvos viron vir o sol!

Rindo, o gaiteiro e o rapás
déronlle entón á gaitiña,
hastra chegar á casiña,
¡sempre ollando para atrás!

XOHAN FERNÁNDEZ MERINO.

A Cruña.

COUSAS

Así como á moitos dáselles por xuntar selos de correios ou capicúas dos tranvías, á mín déuseme xa fai tempo por xuntar caricaturas de Castelao. Pareceume bastante millor e cheguei a reunir un feixe d'elas. Estes días estiven facendo un álbum con elas e ouservei unha cousa. O rotundamente que determinan as dúas derradeiras épocas da política hespañola. Antes e despois do 13 de setembro de 1923.

Abonda con lér o pé de cada unha para que automáticamente fiquen crasificadas na época que lles corresponde.

A mín goréntanme mais as da primeira época. Teñen mais emoción, mais vitalidade, porque son mais políticas. Indican craramente que Castelao ademais dun enorme pensador e artista posee un temperamento político firmemente acusado.

Ollándoas, sentín saudades d'aqueles tempos, non é esta ocasión para determinar si peores ou millores, de movemento, de in-
quedanzas, de traballo. Tempos de aitividade que eu lembro con saudade, mergullado fatalmente na monotonía e pasividade actual, que impulsaban á Castelao á facer aquelas caricaturas cheas de vida e rebeldía.

Leínas e leínas e sentínme vivindo outros tempos distintos dos de hoxe. Despois *profundei*, como o seu barbeiro de sábado, e tirei o firme convencimento de que Castelao aínda poderá voltar a facer caricaturas políticas.

Os católicos mexicáns queren o arredamento da Eirexa co Estado. Queren seren libres e teñen dereito a eso. O que non debe ser é que os d'outros países non queiran a mesma liberdade.

Nun artigo encol da morte do gran dramaturgo catalán Ignacio Iglesias leín estas verbas: *pero es evidente que cada vez que*

en una obra de Ignacio Iglesias surgía una tara social puesta al descubierto, hería la sensibilidad catalana que buscaba por donde salvarla o remediarla.

Ahí tendes refrexado fidelmente o espírito catalán. O espírito dun pobo que sinte no fondo da súa concencia a necesidade de facerse grande, como de feito xa se está facendo. Non é pois extrano que nós, os galeguistas, sintamos admiración por íl. A cotío ollamos probas maravillosas que manifestan como en Cataluña existe unha colectiva preocupación de superarse revelada en todol-os aspectos e dun xeito categórico no aspecto cultural.

O segredo está en que os cataláns sinten por riba de todo un fondo e elevado patriotismo propio.

No espello de Cataluña temos de ollarmonos todol-os días os que cobizamos unha Galicia grande e de seu.

Ese Millobre Pinto que no derradeiro número de A NOSA TERRA enmeigounos cos seus «Escallos lingüísticos» ten de levar chantada na alma a chamada da Terra e responde a ela manifestándonos tamén que as nosas prédicas galeguistas asentáanse en base firme e segura. Que colleitamos trunfos e concencias.

Tén a obriga de nos seguir falando así, n'ese linguaxe maravilloso que cingue os espíritos dos «bos e xenerosos».

VÍCTOR CASAS.

UN CERTAME GALEGO-AMERICÁN

O Centro Galego de Montevideo con motivo de conmemorar as súas bodas de ouro vai celebrar un certamen galego-americán para o Agosto do ano próximo que á xuzgar pol-as bases que xá deu a conocer promete resultar de gran intrés.

Consideramos ésta unha gran obra do referido centro que así proponse dar un forte impulso á labor cultural e galeguista que xá de fai algún tempo ven realizando e da que

xá temos falado outras vegadas. Trátase d'un certame que debe sere ben acollido entre os escritores galegos que deben aportar a él a colaboración dos seus traballos. Para o seu coñecemento publicamos os temas e os premios, son os seguintes:

Tema: La Universidad gallega: su pasado, su presente y su porvenir:

Premio: Un ouxeto de arte donado polo Rei de España.

Pode escribirse en galego, portugués e castelán e debe sere remitido ao Presidente da Academia galega na Cruña antes do 1.º de Abril.

Lema: «Aporte de los colonizadores gallegos a la fundación de Montevideo».

Premios: Un ouxeto de arte do Presidente do Uruguay e 250 pesos ouro uruguayo do Concello municipal de Montevideo. En castelán ao Presidente do centro orgaizador antes do 1.º de Abril.

Tema: «Galicia en la historia de América».

Catro premios: Unha valiosa medalla de ouro do Presidente da Arxentina, un ouxeto de arte do Presidente de Bolivia, 500 pesetas do Concello de Vigo e 250 pesetas da Diputación de Ourense.

En galego, portugués e castelán ao Presidente da Academia antes da mesma data.

Tema: «Fomento del turismo hacia Galicia».

Cinco premios: 600 pesetas do Concello cruñés, 500 pesetas do centro galego de Bós Aires, 500 pesetas da Diputación de Pontevedra e 250 pesetas do Concello compostelán. Tamén nos tres mesmos idiomas ao Presidente da Academia antes da mesma data.

Tema: «La Emigración gallega a la América».

Premio: 200 dollars do Centro galego da Habana.

En castelán ao Presidente do Centro galego de Montevideo antes do 1.º de Abril.

Tema: «Inventario de tesoros artísticos en Galicia».

Premio: 1.500 pesetas do Centro galego de Montevideo.

Nos tres idiomas e antes da mesma data ao Presidente da Academia.

Tema: «Contribución al estudio de la historia de Galicia».

Tres premios: 500 pesetas da Diputación de Lugo, 250 pesetas do Concello de Lugo, 250 pesetas da Diputación de Pontevedra.

Tamén nos tres idiomas e na mesma data ao Presidente da Academia.

Tema: «Colonización agrícola gallega: Adaptación de su vivienda rural del sistema de granja al medio americano».

Premio: 300 pesos ouro uruguayo. En castelán ao Centro orgaizador.

Tema: «Estudio integral del renacimiento gallego».

Premio: 500 pesetas do Centro galego de Montevideo.

En galego, portugués e castelán ao Presidente da Academia antes do 1.º de Abril.

Tema: «Novela de ambiente gallego».

Dous premios: Unha medalla de Ouro do «Diario Español» de Montevideo e 500 pesetas do Centro orgaizador.

Nos tres idiomas e na mesma data ao Presidente da Academia.

Tema: «A la mejor colección de versos en gallego».

Dous premios: 5 Argentinos ouro do Centro galego de Avellaneda e 500 pesetas do Centro de Montevideo.

En galego ao Presidente da Academia na mesma data.

Tema: ¿Latino, hispano o ibero-americano?»

Dous premios: 500 pesos ouro mexicán do Presidente de México, e un exemplar da Historia de Hespaña de Lafuente da Unión Ibero-americana de Madrid.

En castelán ao Presidente do Centro do Montevideo antes do 1.º de Abril.

O FUTBOL EN MALPOCADOS

Antr'os mestres que foran ver ó Delegado, estivera tamén o de San Froilán de Malpocados, unha d'istas parroquias que poden decirse «cerradas sobre sí», tanto pol-as serras que a circundan por tres dos costados como pol-a distancia de tres ou catro légoas que pol-a úneca chan, d'aquelas terras alónxase da cabeza de distrito.

Antre outras cousas, faláralles o Delegado das comenencias da educación física pra precurar homes sans e robustos que mais adiante poideran adicarse con porveito ó servicio da Pátreá, e recomendáralles, polo intre, o fut-bol como mais doado, posto que, con vinte pesetas, mercábase un balón, i-era todo o que compría, pois campos había d'abondo, e pés, tiña cada un os seus.

O mestre de Malpocados, axuntou ós veciños pra comunicarlles as instrucións que recibira, e como puido, tratou de facerlles ver a importancia da educación física.

—O fut-bol díxolles o mestre— é o medio mais axeitado pra conseguir a robustés do home porque pón en movemento órgaos e facultades: educa as pernas e os pés correndo d'aquí pr'alí, o pulmón porque se alenta forte cos afogos, a intelixencia, medindo as distancias no ataque e buscando o millor xeito de parar na defensa, o temperamento co-a ansia de ganar e o medo de perder...

—Estou vendo que é unha cousa moi boa todo iso —engadíu un dos presentes— porque aquí o que nos compre, son rapaces que teñan boas pernas pra correr tral-as ovellas e arrecadal-as vacas e as crías das eguas brincando ben os valos e as touzadas de to-xos.

—E tamén bos brazos pra mallar nos de Xambre —dixo un pelexón— que a última ves, zorregáronos de demo.

—

Os días que tardou en chegar o balón que o mestre encargara á Capital, foron séculos en Malpocados. E o maestro, que era dos da última fornada, aporveitounos pra irilles espricando, facendo riscos na area, tod'a nomenclatura fubolística: meta, goal, árbitro, defensas, dianteiros, equipiers, sin deixar de lérilles a páxina deportiva de «Galicia» co cal s'iban enteirando da importáncia que tiña o tal deporte no mundo enteiro e alcendéndolles cada vez mais o desexo, non soio d'igualar ós mais pintados, senón de chegar á ter en Malpocados unha olimpiada com'a de París.

O pirmeiro día foi de folga na parroquia; suspendéronse os traballos, metéuse o gando

á corte, e homes e mulleres, rapaces e todo, congregáronse na ampria carballeira de á carón da eirexa onde se facía a festa grande do San Froilán, n'unha esplanada libre de carballos e estorbos, ansiando todos chegara o momento solénne de ver por primeira ves o balón pol-o aire.

Ordeouse a xente formando duas moreas con case todol-os presentes, unha a cada cabeza do campo. Catro chantóns, un en cada esquina, marcaron con bastante aprousimación, o rectángulo regramentario.

N'un dos francos colocouse o «árbitro» c'un corno na man, pra tocalo cando se l'indicase.

O mestre, que se non era xogador, ó menos tiña algo visto, soltou o balón no medio da xêral espectáculo, e zorregándolle unha patada forte, lanzouno pol-o aire, maxestoso, soberbio, seguido pol-as miradas de todos como á quen vai á cumprir un destino miragreiro, indo a cair encima das cabezas dos d'enfrente.

¡Alí si que foi ela! A confusión qu'alí s'armou, non é pra dita. Cada un quería darlle ó balón a sua patada. Todos o buscaban e ningún o atopaba; por riba dos que afuciñaban pirmeiro, pasaban os d'atrás, qu'iban a cair mais adiante, sin tempo apenas de erguerse pra volver á afuciñar. Así e todo, houbo quen, aviscando o balón puido axeitarlle un puntapé tan forte, que o fixo ir chinchando hastr'os da outra banda. Pero os da sua, en ves de esperalo á volta, levados da impacencia, seguirono como se sigue un can rabeado hastra ir a cravarse materialmente nós contrarios. E alí foi onde tivo lugar o encontro mais grande que se rexistra nos anales da fubolística. Alí chocaron cabezas contra cabezas, pernas contra pernas, foi unha verdadeira loita corpo a corpo. O mestre buscaba ó árbitro pra que tocara o corno, e o árbitro non aparecía nin vivo nin morto. Cando o atopou foi de xeito qu'estaba mais molido qu'un figo curado. Mandóuno tocar á toda presa, pero os beizos non se lle xuntaban e o corno non sonaba. Dempois d'interminabres ensaios pudo, por fin, o árbitro tocalo corno fortemente, e ó ouvílo, todos se quedaron según a consina que tiñan.

É escusado decir que non se levou a cabo

o partido por imposibilidade física da maor parte dos xogadores; e ós que quedaron útiles levoulles o resto do día (axuntáranse alí pol-as déas) o discutir si se fixera ou non «goal».

—Se non-o fixemos, a culpa tivérona os do outro lado, que nosoutros ben o levábamos.

M. GARCÍA BARROS.

LECTURAS

MARTÍN ECHEVARRÍA L.—GEOGRAFÍA DE ESPAÑA, Ed. Labor.

Imos hoxe á falar dun libro, que amosra a chegada ás ribeiras da Península de novos ventos, cheos de europeidade, que comenzan á facer revoar os papeis vellos das noventas xeografíaas xerales, carregadas de erros e de descripcións, e atemperadas ao gosto, e preferenzas,—criterio caseiro—por determinado crima, e paisaxe. Dantín, Otero Pedraio, Ximénez Soler... e agora e cicais denantes xa o profesor Echevarría. Catro xeógrafos novos (Hony soit qui mal y pense) que xa nos falan de Xeografía Humán, e ademais—o maior interés—que a fán. Ratzel, Brunhes, Vallau e outros mais andan a ensinar ciencia nova nas Cátedras peninsulares.

O libro de Echevarría é compreto e atinado. Vainos falando—sistematizando admirablemente—da Península Xeográfica e deducindo de cando en vez consecuencias de carácter político, no senso mais abstracto da verba.

A xeografía vai dando á coñecer con friaxe fatal a configuración político-natural, o feito político tal e como debía ser. Non hai que dubidar siquera un momento, do valor do argumento xeográfico no feito da existencia das nazonalidades.

Na páxina 123 do tomo I, dí Echevarría: «A independencia non tivo como só núcleo á Asturias. Toda a rexión septentrional mais alá das montañas cantábricas e nos outos vales pirenaicos ficou ceibe dos invasores salvo lixeiras expedicións. Destoncias demostrouse como denantes tiña socedido

aos mesmos románs, que era de feito esta rexión unha zona arredada do resto da Hespaña. Porque non foi a cordilleira o verdadeiro obstáculo que atoparon os invasores, que se non detiveran en montes mais bravos e outos, senón outro clima e outro ceo, outras producións que non lles facía lembrar xa, como as terras do Sul a súa patria de orixen.»

E na mesma páxina afirma: «A existencia de grandes rexións naturaes no noso territorio... revelan igualmente diferenzas específicas no desenrolo da vida humán e da organización social. Por iso resultou tan pouco doada a unidade nacional non conseguida hastra comenzos da E. Moderna, fracasada ao pouco tempo coa independencia de Portugal e a punto de fundirse de un xeito definitivo na época da nosa decadencia tan pronto como se amostrou a debilidade do Estado... Aínda nos nosos días se non borrou o patriotismo rexional que plantea en términos tan graves o problema do arredismo».

O libro segue, con craras visións de todolos fenómenos xeográficos, dando valor proporcionado a todolos factores compoñentes do devandito feito.

Con unha abundantísima e selecta bibliografía, trata temas tan interesantes e tan pouco tratados en obras de esta índole como o da irrigazón das augas, do folklore, da economía —n-un senso amplo e trascendente— e constitúe, dende logo o manual —moi ben editado e con moitos gráficos— tipo para a mocidade que queira adprender xeografía e para os homes carregados de prexuízos que queiran ollar craro n'ista cras de estudos.

R. M.

Ignacio Iglesias

Outra gran figura catalana que desaparece. Ignacio Iglesias o gran dramaturgo e poeta, o dramaturgo do pobo, popular, humilde e precursor do moderno teatro catalán, acaba de morrer en Barcelona.

Cataluña enteira que sinte verdadeira veneración pol-as súas figuras representativas,

froito do seu acendrado patriotismo, sufriu un duro golpe que a fixo estremecer de dór. N'estes tristes momentos para ela non pode estar ausente a verdadeira Galicia, a Galicia que pensa e sinte e comulga nos mesmos ideás.

Por eso nós, interpretando éste sentir, choramos co-a mesma emoción a desgracia que hoxe aqueixa á aquel pobo irmán.

FOLLAS NOVAS

O GALO, LUÍS AMADO CARBALLO.

Xa temos nas nosas máns o arelado libro póstumo do malogrado poeta pontevedrés Luís Amado Carballo. Sae á lús, coincidindo co primeiro aniversario da súa morte, editado por «Nós», recopilado por varios amigos seus, contribuíndo á edición moitos dos seus admiradores e amantes da cultura galega e con ouxeto de destinar o produto da súa venda á viuda do chorado poeta.

A Editorial «Nós» pñndose a tono con tan xenerosa finalidade fixo un alarde de edición, pois «O Galo» é unha maravillosa amostración de bon gusto e de cuidada imprentación. Un verdadeiro alarde na edición de libros galegos. Editado en papel pruma, cun tamaño moi axeitado, espaciado e limpo, co-as cubertas encartonadas e unha chamativa portada do dibuxante Maside fai un libro xeitoso e elegante dino marco para as maravillas poéticas que encerra.

Estas derradeiras producións do poeta están inspiradas no rumbo moderno da poesía tendo ao mesmo tempo un sabor delicioso á cousa galega, á elementos poetizados arrincados da entrana racial. Cando a aparición de «Proel», o outro libro de Amado Carballo que despertou admiración na cultura galega, dixéramos xa que Amado Carballo sabía irmanar maravillosamente a forma poética actual cos meles docísimos e patrióticos da nosa racialidade. «O Galo» e «Proel» son verdadeiros irmáns.

Ningún dos mozos de hoxe que fan versos galegos pode ter comparanza con Amado Carballo.

Primeiro en modestía e enxebreza e despois en inspiración, elegancia e craridade. As suas metáforas, forma da poesía actual, son todas de comprensión facilísima cousa que non lles sucede á maioría dos outros que nin eles mesmos entenden o que escriben. Amado Carballo era un poeta e ademais un poeta galego. A maior parte dos outros presumen de tales e alardean de extranxeirismo e exotismo. Vede a gran diferenza.

Libros como «Proel» e «O Galo» incorporan a cultura galega á cultura mundial e en modernismo e firmeza poética están moi por riba de cantos libros pol-o xeito coñecemos en fala castelán ateigados dun pedantismo que entre algúns mozos galegos atopa inconscentes imitadores. Lamentámol-o por eles.

Despois dos poetas galegos coñecidos e consagrados na poesía tradicional veu Amado Carballo a darlle matices novos á nosa poesía.

Morto il, sobran dedos d'unha mán para contar os que quedan.

Choremos pois unha vegada mais a súa prematura morte que nos arrincou crudemente novas páxinas galegas e saudemos con ledicia a aparición de «O Galo», un libro que prestixia calqueira literatura por elevada que ela esteña.

Felicítamos, que ben o merece, á Editorial impresora pol-a súa xurdia aportación á saída do libro e recomendamos á todos a adquisición de «O Galo», verdadeira xoia da poesía galega.

EL ARTE Y LA SAUDADE EN LOS PUEBLOS CÉLTICOS, por PLÁCIDO R. CASTRO.

Onoso querido irmán e colaborador o talentado escritor galego Plácido R. Castro acaba de publicar un interesantísimo folleto co rubro que enceta éstas liñas. As admirables crónicas que encol da saudade e da Irlanda, a nosa irmán céltica, ven publicando Plácido R. Castro no «Pueblo Gallego» teñen n'este folleto unha notabilísima plasmación ateigada de maravillosas e acertadas opinións encol do sentimento da saudade. Ese senti-

mento noso sempre inespricabre e sempre impulsor das nosas vitalidades raciás.

Alguén, con excecitismo e desdén fora de tono, pretendeu combater a saudade culpándoa dos nosos males. Plácido R. Castro con verbas sinxelas e fermosas e con argumentos convincentes e poderosos deféndeala e loce a súa existencia vendo n'ela, como vemos nós, a mais grande forza espritual da nosa raza. A lectura das suas verbas leva ao ánimo do lector o outimismo sano do que aínda pode ser a raza galega e o convencimento da súa realidade de pobo con unha alma expreñosa capaz das mais subrimes e maravillosas empresas.

O folleto leva un introito en galego de don Manuel Portela Valladares tamén cheo de ouservacións moi dinas de meditación.

Plácido R. Castro meresce por éste folleto o mesmo que por toda a súa preciada labor literaria un aprauso fervoroso que nos tributámoslle querendosamente.

O BUFÓN D'EL REI, por VICENTE RISCO.

Outra obra de Vicente Risco que tamén lanza á pubricidade a benemérita Editorial NÓS. Un drama en catro pasos premiado na Fala da Língua galega celebrada en Santiago o ano 26. Risco amostráenos como dramaturgo n'esta obriña corta moi ben trazada e escrita como corresponde á súa sona de afamado escritor.

Obra de pouca extensión pero de gran va-

limento que arrequece a nosa literatura dramática. Terá de venderse ben e representarse moito.

DE MIN PRA VÓS, por RICARDO CARBALLAL.

O volume XV da magna obra literaria que está realizando a «Editorial NÓS» e que acaba de poñer á venda. Un libro con 19 contos orixinás do malogrado escritor galego Ricardo Carballal. Contos do pobo cheos de humorismo de gracia socarrona e fina e elevado sentimentalismo, moi axeitado para a divulgación e adoitamento da lectura da prosa galega. Estes contos son tirados de A NOSA TERRA onde Carballal deixou escritas infinitas probas do seu valor literario e do seu patriotismo fervoroso. A «Editorial NÓS» como xa exprica n'unhas verbas limiares que leva o libro, xuntounos n'un feixe rendindo así un homenaxe á lembranza do inequescente Carballal facendo ao mesmo tempo un libro barato, véndese a unha peseta, moi ameno e propio para a propaganda da nosa fala entre aqueles que aínda non están moi práticos na súa lectura.

Por todol-os xeitos resulta un libro intresante merescente de sere moi divulgado.

«NÓS» fixo unha boa obra imprentandoo.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA.

No proisimo número:

O aldraxe ós galegos na literatura hespañola

A defensa dos nosos inxenios do XVIII

As dereitas e o galeguismo, por Paulino Pedret

Poemas da Noite, por R. Carballo Caleiro

Esquemas e lembranzas, por Ramón Otero Pedrayo

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta Real 36-1.º A Cruña.

Si aínda non ten as nosas producións pídaas axiña
e contribuirá ô rexurdir cultural de Galicia.

LISTA DAS OBRAS

ESTEBO, por Xosé Lesta Meis.	3'50 pesetas.
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por Ramón Villar Ponte.	5'00 «
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada.	2'50 «
A TOLA DE SOBRÁN, por Farruco Porto Rey.	0'80 «
TRÍPTICO TEATRAL, por Antón Villar Ponte.	3'00 «
A FIESTA VALDEIRA, por Rafael Dieste.	2'50 «
DOCTRINA NAZONALISTA, por Ramón Villar Ponte.	2'50 «
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en tres partes), por Ramón Otero Pedrayo.	
OS SEÑORES DA TERRA (1.ª parte).	2'50 «
A MAORAZGA (2.ª parte).	2'00 «
O ESTUDANTE (3.ª parte).	2'50 «
DE CATRO A CATRO, poemas por Manuel Antonio.	1'50 «
O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco.	3'00 «
MARÍA ROSA, comedia por Gonzalo López Abente.	1'20 «
CANTIGAS E VERBAS AO AR, poesías de Sigüenza.	2'00 «
DE MIN PRA VÓS, contos populares por Ricardo Carballal.	1'00 «
O BUFÓN D'EL REI, drama por Vicente Risco.	0'80 «
O GALO, poesías de Amado Carballo.	3'00 «

.....

EFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESESORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerás para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.*

.....

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-
TRANXEIROS CONFECCIONANSE TODA CRAS DE
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

.....

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.